O SECTOR TERCIARIO

As actividades deste sector non permiten obter nin transformar ningún produto. Nestes traballos axúdase a satisfacer as necesidades das persoas.

AS ACTIVIDADES DE SERVIZOS

Servizos son as actividades destinadas a mellorar a calidade de vida das persoas. Os traballos dos servizos son numerosos e agrúpanse en:

- **Educación**. (**Profesores/as**)
- **Sanidade.** (**Médicos/as** e **enfermeiros/as**)
- **Comercio.** Persoas que atenden e venden produtos en tendas, mercados ou almacéns (**dependentes/as**, **caixeiros/as**...).
- **Transportes.** **Transportistas** que levan mercadorías e persoas dun lugar a outro (**camioneiros/as**, **taxistas**, etc.).
- **Turismo.** Inclúe os **cociñeiros/as** e **camareiros/as**, **recepcionistas** dos hoteis...

Existen outros moitos traballos como: **xornalistas**, **empregados/as de banca**, **perruqueiros/as**, **avogados/as**...

O COMERCIO

A actividade de mercar e vender chámase comercio. Os lugares onde os comerciantes venden os seus produtos aos consumidores son os **comercios ou establecementos comerciais**.

OS TRANSPORTES

Os medios de transporte utilizámolos para desprazarnos ou transportar mercadorías. Estes medios de transporte poden ser:

- **Terrestres**: por estrada con coches, motocicletas, autocares e camións, ou por ferrocarril con trens.
- **Marítimo**: con barcos de pasaxeiros ou de carga.
- **Aéreo**: por medio de avións.

1. Marca cales destas actividades pertencen ao sector terciario.

2. Completa coas seguintes palabras:

servizos **necesidades** **sanidade** **comercio**

A actividade de mercar e vender chámase .

Os son as actividades destinadas a satisfacer as das persoas. Adóitanse agrupar en: educación, transportes, turismo, e comercio.

3. Indica a que tipo de servizo corresponde cada fotografía:



4. Di se as seguintes frases sobre o sector terciario son verdadeiras (V) ou falsas (F):

Son exemplos de traballos do sector da sanidade os profesores/as.

Os cociñeiros/as ou médicos/as forman parte do sector terciario.

A actividade de mercar e vender chámase comercio.

Os transportes forman parte do sector primario.